

TRABALLO DA ASIGNATURA PENDENTE DE 1º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA

1ª AVALIACIÓN

A recuperación da asignatura pendente lograrase mediante a realización duns exercicios propostos polo Departamento de Xeografía e Historia que se realizarán en dúas partes, durante a primeira avaliación traballarase a parte de Historia, e durante a segunda avaliación a parte de Xeografía.

Os exercicios teñen un **prazo de entrega** e serán calificados de **aprobado ou suspenso**, para aprobar a asignatura é **imprescindible aprobar as dúas partes**, a de **Historia** e a de **Xeografía**. **Para aprobar**, precísase igualar ou superar a **Nota de 7,5** puntos (o cal implica realizar **moi ben** o **75%** dos exercicios tanto de Historia coma de Xeografía, por separado).

No caso de non entregar os exercicios ou non aprobar, o alumnado ten unha **proba escrita extraordinaria** de **toda a asignatura** o **6 de maio ás 16:30**.

1ª AVALIACIÓN: O prazo de **entrega** para a parte de **Xeografía** é o **10 de xaneiro**.

2ª AVALIACIÓN: O prazo de entrega para a parte de Historia é o 19 de abril.

EXERCICIOS de XEOGRAFÍA

TEMA 1. A TERRA E A SÚA REPRESENTACIÓN (2,5 puntos)

1. En que consiste o movemento de rotación? Canto tarda o planeta en efectualo? (0,5 puntos)
2. En que consiste o movemento de translación? Canto tarda o planeta en efectualo? Por que este movemento é o que condiciona a sucesión das estacións? (0,5 puntos)
3. Que é un paralelo e que mide? Que é un meridiano e que mide? (1 punto)
4. Que tipos de mapas existen? Explica en que consiste cada un. (0,5 puntos)

TEMA 2. O RELEVO TERRESTRE (2,5 puntos)

1. Define as seguintes formas de relevo terrestre (1,5 puntos)
 - o Montaña
 - o chaira
 - o meseta
 - o plataforma continental
 - o dorsal oceánica
 - o fosa mariña
2. Sitúa no planisferio físico (1 punto): Montañas Rochosas, Montes Apalaches, Cordilleira dos Andes, Río Mississippi, Río Amazonas, Río da Plata, Estreito de Magalláns, Cabo de Hornos, Pireneos, Alpes, Cárpatos, Montes Urais, Río Volga, Río Danubio, Mar Negro, Mar Mediterráneo, Mar Caspio, Río Obi, Río Ienisei, Río Lena, Deserto de Gobi, Tíbet, Himalaia, Península Arábica, Montes Atlas, Río Nilo, Montes Drakensberg, Illa de Madagascar, Océano Índico, Océano Pacífico, Océano Glacial Antártico, Océano Glacial Ártico, Océano Atlántico.

TEMA 3. A ATMOSFERA E OS FENÓMENOS ATMOSFÉRICOS (2,5 puntos)

1. Cales son os elementos do clima? (0,5 puntos)
2. Explica os factores do clima (0,5 puntos)
3. En que grandes zonas climáticas se divide a Terra? (0,5 puntos)
4. Responde: (1 punto)
 - Cales son e en que se diferencian os climas cálidos entre si?
 - Cales son os climas fríos?
 - Cales son os climas temperados? Cal é a característica máis destacable de todos eles?

TEMA 4. A DIVERSIDADE DOS MEDIOS NATURAIS (2,5 puntos)

1. Cales son as características da selva ecuatorial? (0,25 puntos)
2. Establece tres diferencias entre selva e sabana. (0,25 puntos)
3. Que é un oasis? (0,25 puntos)
4. Por que varía tanto a temperatura no deserto cálido entre o día e a noite? (0,25 punto)
5. Responde: (0,25 puntos)
 - Como son os ríos do medio mediterráneo?
 - Por que a vexetación do medio natural chinés é máis densa e variada que a do medio mediterráneo?
 - Define: LANDA, TAIGA, ESTEPA
 - Por que aparece o deserto no interior do continente nas zonas temperadas?
 - Que é a tundra?
6. Responde: (0,25 puntos)
 - Cales son os medios naturais que hai en España?
 - En que zona de España se rexistran as menores precipitacións que provocan unha paisaxe desértica?
 - Cantas variantes do clima oceánico hai en Galicia? En cal se atopa a túa localidade?
7. Completa os seguintes MAPAS: (1 punto)

PLANISFERIO FÍSICO- Fai o exercicio 2 do Tema 2. O RELEVO TERRESTRE (0,5 puntos)

EUROPA POLÍTICO- Escribe no mapa o nome dos estados de Europa (0,25 puntos)

ESPAÑA POLÍTICO- Escribe no mapa o nome das provincias de España e o das Comunidades Autónomas. Pon o nome das capitais de provincia e das Capitais das Comunidades Autónomas. (0,25 puntos).

